

# **Instrucción IV/2003 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela sobre seguridade de edificios (vías e saídas de evacuación)**

O Comité de Seguridade e Saúde na súa reunión do 26 de maio de 2003 acordou pedir á Xerencia que comunicara a tódolos decanos e directores da USC a obrigatoriedade de cumprir-las medidas de seguridade de edificios no relativo ás saídas de emerxencia.

Na actualidade existe un abano de normativa que incide directamente sobre este tema. Entre ela pódese resaltar:

- Lei de prevención de riscos laborais (31/1995).
- Real decreto 2.177/1996, de 4 de outubro, polo que se aproba a Norma básica da edificación NBE – CPI / 96: Condicións de protección contra incendios dos edificios (no que se regula o número e disposición das saídas, dimensionamento de saídas, características das portas, etc.).
- Real decreto 486/1997 de 14 de abril, polo que se establecen as Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, que no Anexo I-A, regula:

## **5. Vías de circulación.**

As vías de circulación dos lugares de traballo, tanto as situadas no exterior dos edificios e locais como no interior dos mesmos, incluídas as portas, corredores, escaleiras, escalas fixas, ramplas e lugares de carga, deberán poder utilizarse conforme ó seu uso previsto, de forma fácil e con total seguridade para os peóns ou vehículos que circulen por elas e para o persoal que traballe nas súas proximidades.

## **10. Vías e saídas de evacuación.**

As vías e saídas de evacuación deberán permanecer expeditas e desembocar o máis directamente posible no exterior ou nunha zona de seguridade.

En caso de perigo, os traballadores deberán poder evacuar tódolos lugares de traballo rapidamente e en condicións de máxima seguridade.

As portas de emerxencia deberán abrirse cara ó exterior e non deberán estar pechadas, de forma que calquera persoa que necesite usalas en caso de urxencia poida abrilas fácil e inmediatamente.

As portas situadas nos percorridos e as vías de evacuación deberán estar sinalizadas de forma adecuada. Deberanse poder abrir en calquera momento dende o interior sen axudas especiais. Cando os lugares de traballo estean ocupados, as portas deberán poder abrirse.

As vías e saídas de evacuación, así como as vías de circulación que dean acceso a elas, non deberán estar obstruídas por ningún obxecto de maneira que poidan utilizarse sen trabas en calquera momento. As portas de emerxencia non deberán pecharse con chave.

E, co fin de facer cumpri-lo pedimento do Comité de Seguridade e Saúde así como a normativa de seguridade fai que sexa necesario dicta-la seguinte

## **Instrucción**

As vías e saídas de evacuación de tódolos edificios universitarios deberán permanecer expeditas, non deberán estar obstruídas por ningún obxecto de maneira que poidan utilizarse sen trabas en calquera momento, serán facilmente operables dende o interior e, non se poderá usar ningún outro sistema de peche que o propio da porta (por exemplo non se usaran: cadeados, pechaduras con chave, etc.).

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2003

O xerente,

Asdo.: José Vázquez Portomeñe